


HIDROKID COA INVESTIGACIÓN ESPACIAL



PREGUNTÁCHESTE PARA QUE SIRVE A INVESTIGACIÓN ESPACIAL? SÍGUEME E VIAXEMOS ATA A ESTACIÓN ESPACIAL INTERNACIONAL PARA DESCUBRIR COMO AS SÚAS INVESTIGACIÓNS PODEN AXUDARNOS A MELLORAR A VIDA NA TERRA.



2. Desde o ano 2000 este centro de investigación espacial recibiu a máis de **200 astronautas.**



3. A Estación é un fantástico laboratorio con vistas ao espazo e libre de gravidade. As **investigacións e avances** conseguidos teñen moitas aplicacións para a nosa vida na Terra. Un dos principais retos da vida no espazo é conservar e reciclar os recursos ao máximo posible.



4. No caso da auga, os astronautas contan cun subministro moi limitado polo que necesita ser reciclada para subsistir durante os longos períodos de tempo que pasan no espazo. Cada membro da tripulación recibe unha ración de **2 litros de auga ao día.**



7. Tanto na Estación Espacial Internacional, coma nunha pequena aldea en África subsahariana, **conseguir auga potable é vital para a supervivencia.** A tecnoloxía desenrolada pola estación espacial permitiu desenrolar máquinas de filtrado de auga e sistemas de purificación utilizando a tecnoloxía de procesamento de auga da NASA.

1. Desde o 20 de novembro de 1998, a **Estación Espacial Internacional** orbita á 420 quilómetros de distancia da Terra a unha velocidade de 8 quilómetros por segundo.



6. En lugar de tomar duchas convencionais, que utilizan un promedio de 50 litros de auga, os astronautas toman baños de esponxa, bañándose cun pano húmido. Unha ducha **no espazo utiliza menos de 4 litros de auga.**



5. Co obxectivo de reutilizar a máxima cantidade de auga posible, a estación espacial dispón dun sistema denominado **Water Recovery System** que permite obter auga potable a partir dos ouriños e outros residuos líquidos.

Agora xa sabes máis sobre como a investigación espacial pode influír nas nosas vidas e a relación que ten coa auga. Pero sobre todo, seguro que entendiches a importancia que o coidado e a reutilización da auga teñen para garantir a sustentabilidade do Planeta. E seguro que se che ocorren moitas maneiras de contribuír a aproveitar ao máximo un dos nosos recursos máis prezados e escasos: **A AUGA.**